

Ámbito social

Módulo 3

Unidade didáctica 10

O século XIX. Imperialismo, I Guerra Mundial. A Revolución rusa. A época de entreguerras. Os fascismos. A II Guerra Mundial. A II República e a Guerra Civil

APUNTAMENTOS

2.3 A II Guerra Mundial. O camiño cara á guerra (1931-1939)

2.3.1 Causas da guerra

O fracaso do Tratado de Versalles

Para entender as causas do conflito hai que ter en conta a maneira en que se puxo fin á Primeira Guerra Mundial. **A Paz de Versalles (1919) redactouse atendendo unicamente aos intereses dos vencedores (Francia, Reino Unido, Estados Unidos e Italia).**



Os catro grandes: Lloyd George, Orlando, Woodrow Wilson e Clemenceau

Ao longo da década dos anos 30 Hitler non cesou de denunciar o humillante trato que Alemaña recibira, desposuída do seu exército, eliminada a súa condición de gran potencia e obrigada a pagar exorbitantes sumas en concepto de reparación de guerra. Ao finalizar a I Guerra Mundial moitos pensaron que sería a última de todas as grandes contendas. Con todo, a forma en que se configurou a **paz** portaba a semente de graves

problemas que conduciron ao estalido dun **segundo conflito**, aínda máis devastador. Durante os anos 20 e 30 desenvolvéronse os fascismos en numerosos Estados europeos.

Na Alemaña creceu vertixinosamente o **Partido Nazi** que, dirixido por Adolf Hitler, apelaba á recuperación do orgullo nacional. Unha vez no poder, ilegalizou e eliminou da escena política o resto de formacións políticas.

A depresión económica iniciada en 1929 (o Crac) destruíu a débil concordia internacional construída nos anos anteriores e facilitou o ascenso do nazismo e o militarismo xaponés ao poder. A partir de 1931 o mundo asistiu a unha serie de crises

internacionais que marcaron o camiño cara a un conflito xeral. **Alemaña, Xapón e Italia** foron configurando un bloque militar, o **Eixe**, decidido a acabar coa orde internacional establecida tras a Primeira Guerra Mundial.



Hitler iniciou a reconstrución do exército, á vez que reclamaba os territorios arrebatados a Alemaña ao finalizar a Gran Guerra. Fíxoo **saltando as cláusulas do Tratado de Versalles e desafiando a Liga de Nacións**. Esta carecía de suficiente forza para opoñerse ás agresivas accións da Alemaña. **Así foi como, en outubro de 1938, ocupou o territorio dos Sudetes na antiga Checoslovaquia e, ao ano seguinte, o que quedaba do país. Pouco antes, en marzo, anexionou Austria.**

Fronte a esa política de feitos consumados, as potencias europeas democráticas (Reino Unido e Francia) despregaron unha política débil e dubitativa fronte a Hitler. O primeiro ministro británico, Chamberlain, personificou o que se veu a coñecer como a "política de acougo". Chamberlain tratou de negociar con Hitler e concederlle algunhas das súas demandas na esperanza de que o líder nazi finalmente "se tranquilizaría". Esta política só serviu para encoraxar a Alemaña nazi.

Mentres tanto, o ditador soviético **Stalin**, tras diversos intentos frustrados de pacto con Gran Bretaña e Francia, acabou **pactando con Hitler en 1939, alentando o ataque alemán a Polonia que finalmente desencadeou a guerra.**

A guerra europea

O 1 de setembro de 1939, Hitler desencadeou o seu ataque sobre Polonia. O pobo polaco experimentou por primeira vez a brutal eficacia da maquinaria de guerra alemá. Poucos días despois do ataque alemán, as tropas soviéticas ocuparon a zona oriental de Polonia e as repúblicas bálticas. **Cumpríase o acordado nas cláusulas secretas do pacto de non agresión xermano-soviético.** Franceses e británicos, incapaces de resistir a arremetida, quedaron atrapados en Dunkerque, acosados polo exército e a aviación xermana. Os británicos, para evitar caer nas súas mans, houberon de abandonar todo o material bélico pesado e atravesar a canle da Mancha rumbo ao seu territorio.



Ascenso de Hitler ao poder

Derrotada Francia e debilitado Reino Unido, Hitler contaba agora coa oportunidade de invadir as Illas Británicas. Iniciábase así a **batalla de Inglaterra (xullo de 1940)**, na que Alemaña trataría infrutuosamente de eliminar a aviación británica que defendía as illas. **A batalla de Inglaterra foi o seu primeiro fracaso.** Tras iso, as potencias do

Eixe embarcáronse en dúas novas fronteiras, o norte de África e os Balcáns.

Seguidamente, o réxime nazi virou os seus ollos cara ao norte e sen problemas **invadiu Dinamarca e Noruega.** O gran momento para Hitler chegou en maio de

1940. **A Wehrmacht, o exército alemán,** derrotou con incrible facilidade a Francia, vingando a derrota de 1918.

As crises decisivas que levaron á guerra tiveron lugar en Europa. O momento clave foi **1933, co ascenso de Hitler ao poder na Alemaña.** Desde un principio o ditador alemán mostrou o seu **desexo de acabar coa orde creada polo Tratado de Versalles.** En pouco máis de tres anos Hitler **abandonou a Sociedade de Nacións (1933), estableceu o servizo militar obrigatorio (1935), remilitarizou Renania (1936) e interveu xunto a Mussolini na guerra civil española apoiando o bando rebelde dirixido polo xeneral Franco.**



Durante o seu último goberno, Mussolini (esquerda), dependeu de Hitler (dereita), para manterse no poder.

A condena franco-británica a esta invasión e a loita común con Alemaña na guerra civil española achegaron a Hitler e Mussolini dando lugar ao nacemento do **Eixe Roma-Berlín en 1936**, un pacto que aliñaba as dúas potencias fascistas que proclamaban unha visión común da política internacional.

Pouco despois, Alemaña asinou con Xapón o Pacto Antikomintern, dirixido contra a URSS e o comunismo internacional. Italia e a España de Franco uníronse inmediatamente despois a este pacto.

Os anos posteriores viron como as agresións alemás non atopaban unha resposta firme das potencias democráticas.

- En marzo de 1938, Alemaña invadiu Austria. Hitler, nacido en Austria, conseguía un vello soño do nacionalismo alemán: a anexión de Austria a Alemaña.

- En setembro de 1938, na **Conferencia de Munich**, Francia e Gran Bretaña encartáronse ás reivindicacións hitlerianas e deron o seu acordo á anexión xermana da rexión checolovaca dos Sudetes.

Cando en marzo de 1939, incumprindo o acordado en Munich, Hitler invadiu o resto de Checoslovaquia, fíxose evidente o fracaso da política de conciliación con Hitler. Francia e Gran Bretaña proclamaron que non permitirían ningunha nova anexión alemá. **Hitler respondeu reivindicando o porto de Danzig** (a actual Gdansk) e preparando a agresión a Polonia. Europa achábase na antesala da guerra.

Europa, que acababa de asistir ao triunfo do bando franquista en España en abril de 1939, quedou conmocionada por unha noticia que moitos non chegaban a crer: en agosto de 1939 asinábase o **Pacto de Non Agresión xermano-soviético**. Comunistas e nazis, inimigos irreconciliables, pactaban e acordaban secretamente a repartición de Polonia. Este era o último sinal que esperaba Hitler. O 1 de setembro

de 1939 Alemaña invadiu Polonia, o que precipitou a entrada en guerra de Gran Bretaña e Francia. **A Segunda Guerra Mundial comezara**. A guerra, finalmente, estalara en Europa e, tras perder moito tempo coa política de acougo, Francia e o Reino Unido aprestábanse a enfrontarse con Hitler.

En Asia, Xapón controla unha parte importante da China e planeaba a súa expansión no Extremo Oriente. Mentres, a URSS e os EE UU continuaban mantendo unha posición de neutralidade.

O expansionismo alemán e xaponés terminou por implicalos na guerra.

Discurso do xeneral De Gaulle: Francia perdeu unha batalla, non perdeu a guerra!

"Crédeme a min que vos falo con coñecemento de causa e dígovos que nada está perdido para Francia. Os mesmos medios que nos venceron poden traer un día a vitoria. Porque Francia non está soa! Non está soa! Non está soa! Ten un vasto imperio tras ela. Pode formar un bloque co Imperio británico que domina os mares e continua a loita. Pode, como Inglaterra, utilizar ilimitadamente a inmensa industria dos Estados Unidos. Esta guerra non está limitada ao malpocado territorio do noso país. Esta guerra non quedou decidida pola batalla de Francia. Esta guerra é unha guerra mundial. (...) Eu, xeneral De Gaulle, actualmente en Londres, convido os oficiais e soldados franceses que se atopen ou pasen a atoparse en territorio británico, coas súas armas ou sen elas, convido os enxeñeiros e aos obreiros especialistas das industrias de armamento que se atopen ou pasen a atoparse en territorio británico, a poñerse en contacto comigo. Ocorra o que ocorra, a chama da resistencia francesa non debe apagarse, e non se apagará."

O xeneral De Gaulle durante a II Guerra Mundial.

Discurso de Churchill perante a Cámara dos Comúns

"Debemos lembrar que estamos nas fases preliminares dunha das grandes batallas da historia (...) Nesta crise, espero que poida perdoarse se non me estendo moito ao dirixirme á Cámara hoxe. (...) Eu diríalle á Cámara, como lles dixen a todos os que se incorporaron a este Goberno:

«Non teño máis nada que ofrecer que sangue, esforzo, bágoas e suor».


Temos ante nós unha proba da máis penosa natureza. Temos ante nós moitos, moitos, longos meses de combate e sufrimento. Preguntádesme: Cal é a nosa política? Diréivolo: Facer a guerra por mar, por terra e por aire, con toda a nosa potencia e con toda a forza que Deus nos poida dar; facer a guerra contra unha tiranía monstruosa, nunca superada no escuro e lamentable catálogo de crimes humanos. Esta é a nosa política.

Preguntádesme: Cal é a nosa aspiración? Podo responder cunha palabra: **Vitoria, vitoria custe o que custe, vitoria a pesar de todo o terror; vitoria por longo e duro que poida ser o seu camiño; porque, sen vitoria, non hai supervivencia.**

En 1941 todo levaba a pensar que o Eixe gañara a guerra. Hitler dominaba directa ou indirectamente o continente europeo e só Inglaterra seguía facéndolle fronte. Xapón vencía na súa guerra na China e controlaba a parte máis rica do país.

Con todo, ambas as potencias do Eixe, calculando mal as súas forzas, lanzaron dous ataques que fixeron que o conflito se convertese nunha guerra mundial. Alemaña invadiu a URSS en xuño, e Xapón atacou a base naval norteamericana de Pearl Harbor en decembro. A URSS e os EE UU uníronse a Gran Bretaña no bando dos Aliados. A partir dese momento, a guerra cambiou radicalmente de signo.

Declaración das Nacións Unidas do 1 de xaneiro de 1942



Póster alusivo ás Nacións Unidas creado en 1943 polo goberno dos Estados Unidos

A Declaración das Nacións Unidas foi un documento asinado durante a Segunda Guerra Mundial o 1 de xaneiro de 1942 en Washington (Distrito de Columbia, Estados Unidos). Foi asinada orixinalmente polos gobernos de 26 países (varios deles, gobernos no exilio de países ocupados polos nazis). Os devanditos gobernos, que estaban a loitar ao lado dos aliados, reafirmaron o seu apoio á Carta do Atlántico ao asinar esa declaración. Este documento contiña o primeiro uso oficial do termo "Nacións Unidas", proposto polo presidente estadounidense Franklin Delano Roosevelt.

Convencidos de que é esencial obter unha vitoria absoluta sobre os seus inimigos para defender a vida, a liberdade, a independencia e a libre profesión de cultos, así como preservar os dereitos humanos e a xustiza, tanto no seu propio chan como noutras terras, e estando no presente empeñados na loita común contra forzas bárbaras e inhumanas que tratan de subxugar o mundo,

Declaran:

1. Que cada Goberno se compromete a utilizar todos os seus recursos, tanto militares como económicos, contra aqueles membros do «Pacto Tripartito» e os seus adherentes con quen se ache en guerra (...)

Declaración das Nacións Unidas, 1 de xaneiro de 1942

A invasión da Unión Soviética

O pacto de non agresión xermano-soviético de 1939 achegara a dúas potencias que representaban dúas ideoloxías totalmente contrapostas. Era unha amizade antinatural que Hitler decidiu romper en canto tivo oportunidade. Stalin, a pesar de ser consciente do perigo, negábase a crer os informes que os seus espías lle enviaban sobre os plans alemáns. O 21 de xuño de 1941, sen declaración previa de guerra, o exército alemán iniciou a invasión da Unión Soviética. A denominada "Operación *Barbarossa*" foi nos seus primeiros momentos un rotundo éxito. O Exército Vermello, decimado



F. Von Paulus e os membros do seu Estado Maior, no momento de renderse aos altos mandos soviéticos.



O centro da cidade de Stalingrado despois da vitoria soviética sobre as tropas do Eixe.

polas purgas de Stalin nos anos trinta, mostrouse incapaz de resistir o ataque alemán e bateuse en retirada.

Polo norte as tropas chegaron ata Leningrado, a actual San Petersburgo. Polo centro, ata as portas de Moscova. Con todo, ningunha das dúas cidades caeu. O avance alemán chegou máis lonxe no sur e Ucraína

foi rapidamente conquistada. Na primavera de 1942, o exército alemán seguiu as súas operacións co obxectivo de alcanzar o Cáucaso e acceder aos seus xacementos de petróleo. As tropas alemás chegaron a **Stalingrado**, actual Volgogrado, en agosto.

Tras durísimos combates as tropas de Von Paulus viron como o exército soviético, dirixido por Zhukov, iniciaba unha manobra de cerco. Hitler negouse a permitir a retirada que Von Paulus de forma insistente lle solicitaba. **En decembro de 1942 o VI Exército alemán quedou cercado. A batalla de Stalingrado marcou un cambio decisivo na guerra.** A partir desta primeira derrota alemá, as tropas soviéticas iniciaron un contraataque que aos poucos os levará cara ao corazón da Alemaña.

A guerra do Pacífico

Era inevitable que o expansionismo xaponés en Asia oriental e o Pacífico terminase chocando cos Estados Unidos. A expansión imperial nipoa ía claramente dirixida contra as posesións europeas en Asia e as illas Filipinas en mans dos norteamericanos.

Doutra banda, o presidente norteamericano Roosevelt fora evolucionando desde unha postura isolacionista ao iniciarse a guerra a unha crecente implicación no conflito. A axuda norteamericana a Gran Bretaña incrementouse. Nese contexto, o ataque nipón á base norteamericana de Pearl Harbor nas illas Hawai o 7 de decembro de 1941 determinou a entrada de ambas as potencias no conflito. O inicio da guerra en Asia e o Pacífico foi un paseo militar xaponés. O Extremo Oriente e o sueste asiático quedaron en mans do goberno de Tokio. A expansión xaponesa durou, con todo, pouco tempo. O despregamento da maquinaria industrial e bélica norteamericana non tardou moito en desequilibrar o conflito en favor dos Aliados. A batalla de Midway en xuño de 1942 mostrou por primeira vez como se podía bater o exército xaponés. En diante, a pesar dalgunha derrota puntual, Xapón bateuse en retirada e os norteamericanos foron dominando o Pacífico illa a illa no medio dunha guerra cruel.

A guerra no norte de África

O momento decisivo chegou no outono de 1942, cando o xeneral británico Montgomery derrotou no Alamein as tropas de Rommel. A partir dese momento, o Afrika Korps alemán foi de derrota en derrota. Poucos días despois da batalla do Alamein, o 8 de novembro de 1942, tropas norteamericanas e británicas desembarcaron en Marrocos e Alxeria. **Franco, medorento dunha posible intervención, recibiu garantías de non ser atacado se mantiña a súa neutralidade.** Poucos meses despois, en maio de 1943, o Eixe foi expulsado do norte de África.

O final da guerra. A derrota de Xapón (1945)

Desde xaneiro de 1945 as tropas estadounidenses e británicas foran conquistando palmo a palmo as illas do Pacífico e Indochina. A perda de Iwo Jima constituíu un grave contratempo para Xapón, pois desde ela os Aliados controlaban unha ampla área que ameazaba directamente o arquipélago xaponés. Xapón era vítima dun férreo bloqueo e de violentos bombardeos estratéxicos, pero resistía con denodo.

O presidente Truman, sucesor de Roosevelt (falecido o 12 de abril de 1945), tras sopesar o número de baixas norteamericanas necesarias para conseguir a capitulación do Imperio nipón, decidiu a utilización das armas nucleares.

O día 6 de agosto de 1945 a cidade de Hiroshima foi destruída por un enxeño atómico que provocou a morte instantánea de preto de 100.000 persoas, ás que houbo que sumar as que faleceron posteriormente como consecuencia dos efectos das feridas e as radiacións.

O día 8 de agosto a Unión Soviética declarou a guerra a Xapón, incumprindo dese modo o pacto de neutralidade subscrito con Tokio en 1941. Os soviéticos invadiron Manchuria e Corea, ocupando as illas Kuriles e a illa de Sajalín.



Enola Gay ¹⁴

O 9 de agosto unha segunda bomba nuclear arrasou a cidade de Nagasaki. Xapón rendeu-se incondicionalmente o 2 de setembro de 1945. A sinatura realizouse no acorazado Missouri, ancorado na baía de Tokio. Transcorreran 4 meses desde a rendición do III Reich.

A organización da paz

Tras a finalización do conflito non se celebrou conferencia de paz, tal e como sucedera ao terminar a Gran Guerra. Un Consello de Ministros das potencias vencedoras foi o encargado de redactar os acordos.

Ao longo da guerra os Aliados reuníronse en diversas ocasións para tomar decisións concernentes á marcha das operacións, así como para bosquejar os plans de paz. Foi o caso das conferencias de Casablanca, celebrada en xaneiro de 1943, a de Quebec (agosto de 1943) ou a de Moscova (outubro-novembro de 1943).

Maior relevancia alcanzou a de Teherán (Irán), a finais de 1943. Nela reuníronse Churchill, Stalin e Roosevelt, co fin de acelerar a conclusión da guerra e planificar a posguerra. En Teherán foron adoptados acordos como o de abrir unha nova fronte occidental, o compromiso da URSS de declarar a guerra a Xapón unha vez producida a capitulación da Alemaña, así como a repartición do seu territorio entre os Aliados.

Na Conferencia de Ialta (Crimea, URSS), celebrada en febreiro de 1945, pouco antes de concluír a guerra en Europa, reuníronse de novo Churchill, Roosevelt e Stalin. Nela decidiuse que Alemaña fose dividida en catro zonas de ocupación (EUA, URSS, Reino Unido e Francia), tamén se tratou o tema das indemnizacións que aquela habería de afrontar en concepto de danos ás súas vítimas, así como o dereito da URSS a consolidar a súa área de influencia sobre os territorios de Europa oriental liberados por ela.

Na Conferencia de San Francisco (xuño de 1945) fundouse a Organización de Nacións Unidas (ONU), coa idea de crear un organismo que regulase as relacións internacionais de forma pacífica. A ONU substituíu a Sociedade de Nacións, creada en 1919, ao remate da I Guerra Mundial.

A Conferencia de Potsdam (Alemaña) celebrouse en agosto de 1945, xa concluída a guerra en Europa e a piques de renderse Xapón. Reuníronse Stalin pola URSS, o presidente de Estados Unidos Harry Truman (que substituíra o falecido Roosevelt), e o británico Clement Attlee (vencedor nas urnas). En Potsdam concretáronse os aspectos da división de Alemaña en catro zonas de administración adoptados en Ialta e fixéronse extensibles a Berlín e Viena.

Así mesmo decidiuse crear un Tribunal Internacional coa misión de xulgar os criminais nazis¹⁵. Respecto de Xapón, unha vez que capitulara, quedaría baixo a exclusiva responsabilidade dos Estados Unidos. Finalmente, delimitáronse os cambios territoriais producidos tras a guerra.

En Potsdam comezaron a evidenciarse algúns signos de que a colaboración entre os Aliados chegaba á súa fin e abríase paso unha nova realidade fundamentada na rivalidade entre soviéticos e estadounidenses (a Guerra Fría)

A Conferencia de París (1946-1947) abordou os tratados de paz cos países europeos que apoiaran á Alemaña nazi: Italia, Hungría, Romanía, Bulgaria e Finlandia. O concernente a Austria asinaríase en 1955.

A ONU

Nas conferencias celebradas durante a guerra (Washington, Moscova, Teherán, Dumbarton Oaks) os Aliados pensaran na conveniencia de crear unha organización que se encargase do mantemento da paz.

Os seus obxectivos primordiais foron: a procura da salvagarda da paz mundial, a defensa dos dereitos humanos, a igualdade de dereitos para todos os pobos e a mellora do nivel de vida en todo o mundo.

Os Estados fundadores tiveron en conta a malograda experiencia da Sociedade de Nacións, que deixou de funcionar en 1946. A súa documentación traspasouse á nova organización, e propúxose dotar o organismo de maior eficacia ca a do seu predecesor. A estrutura da ONU foi herdada, en parte, da Sociedade de Nacións e concretoouse nos órganos seguintes:

Sede da ONU: Nova York.

- **A Asemblea Xeral:** integrada por todos os Estados membros, con dereito a voto. Só pode emitir recomendacións, sendo as súas decisións "non vinculantes". Elixen os membros do resto dos órganos e o
- **Secretario Xeral.**
- **O Consello de Seguridade:** órgano executivo formado por 15 membros, dos cales 5 son permanentes. A estes últimos adóitanelles denominar os "**cinco grandes**". Son: Estados Unidos, Reino Unido, a URSS (actualmente Rusia), Francia e China. Contan con dereito a veto. Os outros 10 membros son elixidos pola Asemblea durante un período de dous anos. O Consello de Seguridade ten potestade de impoñer sancións ou intervir militarmente.
- **A Secretaría Xeral:** é presidida polo Secretario Xeral, elixido por períodos de 5 anos pola Asemblea Nacional, a proposta do Consello de Seguridade. Exerce unha clara misión mediadora e ten atribucións administrativas. Preside o Consello de Seguridade.

Ademais destes órganos vertebradores, a ONU válese doutros organismos máis especializados, como a **FAO** (que trata asuntos relacionados coa alimentación), a **UNESCO** (encargada de promover a cultura), **UNICEF** (da infancia), **OIT** etc.

O funcionamento da ONU experimentou as súas primeiras dificultades xa desde a súa creación. O principal motivo foi **a polarización de intereses ao redor dos dous principais Estados vencedores na guerra: Estados Unidos e a URSS.**

Conferencia de Ialta

Churchill, Roosevelt e Stalin en Ialta



O primeiro ministro da URSS, o primeiro ministro do Reino Unido e o presidente dos Estados Unidos de América serán consultados no interese común dos pobos dos seus países respectivos e dos da Europa liberada.

Afirman conxuntamente o seu acordo para determinar unha política común dos seus tres gobernos durante o período temporal de inestabilidade da Europa liberada, co fin de axudar os pobos de Europa liberados da dominación da Alemaña nazi, e os pobos dos antigos Estados satélites do Eixe, a resolver por medios democráticos os seus problemas políticos e económicos máis urxentes.

O establecemento da orde en Europa e a reconstrución das economías nacionais deben realizarse mediante procedementos que permitan aos pobos liberados destruír os últimos vestixios do nazismo e do fascismo e establecer as institucións democráticas da súa elección. Estes son os principios da Carta do Atlántico:

dereito de todos os pobos a elixiren a forma de goberno baixo a que queren vivir; restauración dos dereitos soberanos e de autogoberno en beneficio dos pobos que foron privados polas potencias agresoras.

Febreiro de 1945

Consecuencias da guerra

Demográficas

Todas as estimacións sobre o custo humano da guerra dan resultados arrepiantes. Os campos de exterminio nazi onde morreron xudeus, xitanos e outros grupos sociais marcaron un antes e un despois na barbarie humana. Os bombardeos aéreos masivos de cidades -bombas atómicas en Hiroshima e Nagasaki incluídas- e de centros industriais constituíron trágicas novidades que incrementaron substancialmente a mortalidade da poboación non combatente. O desprazamento forzoso de millóns de persoas, principalmente en Europa, veu engadir dramatismo ao desolador panorama ao que se enfrontaban os sobreviventes da Segunda Guerra Mundial.

A diferenza do que ocorreu tras a Primeira Guerra Mundial, en 1945 non houbo un cambio xeneralizado das fronteiras. En Europa, a Unión Soviética foi a gran beneficiada anexionando importantes territorios. Alemaña foi a gran perdedora. Ademais de ser dividida en catro zonas de ocupación (soviética, norteamericana, británica e francesa) cedeu máis de cen mil quilómetros cadrados a Polonia e á URSS. A outra potencia do Eixe, Italia, perdeu as súas colonias e a península de Istria que anexionou Iugoslavia. Xapón perdeu todas as súas posesións asiáticas.

A Segunda Guerra Mundial foi o conflito que máis vítimas provocou na historia de humanidade. Pola súa causa perderon a vida aproximadamente 54 millóns de persoas, aos que houbo que sumar 65 millóns de feridos (entre eles, 35 millóns graves), e 3 millóns de desaparecidos. A diferenza doutras guerras, a maioría dos afectados foron civís non combatentes (98 % en Polonia).

As razóns diso debéronse aos bombardeos masivos perpetrados sobre grandes núcleos urbanos, a desnutrición, as enfermidades e o lanzamento das bombas nucleares sobre Xapón. O emprego dun armamento altamente sofisticado incrementou o número de caídos nas fronteiras de batalla. A política nazi de creación de campos de concentración e exterminio produciu millóns de mortos, especialmente entre as minorías raciais consideradas inferiores, como a xudía e a xitana.

O campo de Dachau era o único campo de concentración creado en 1933 e permaneceu en operación ata 1945. Serviu como modelo para o sistema dos campos de concentración nazis que substituíu os primeiros campos. A rutina cotiá de Dachau, os métodos de castigo e as funcións dos gardas das SS convertéronse na norma, con algunhas variacións, para todos os outros campos de concentración alemáns.

Para 1939, seis grandes campos de concentración foran establecidos. Ademais, do campo de Dachau, Sachsenhausen (1936), Buchenwald (1937), Flossenbürg (1938), Mauthausen (1938), e Ravensbrück (1939). Despois de 1939, con novas conquistas territoriais e grupos máis grandes de prisioneiros potenciais, o sistema de campos de concentración expandiuse rapidamente cara ao leste.



Pásase lista aos prisioneiros recentemente chegados, a maioría xudeus arrestados durante Kristallnacht ("a noite de vidros rotos"), no campo de concentración de Buchenwald. Buchenwald, Alemaña, 1938.

American Jewish Joint Distribution Committee

Co inicio da guerra, os campos de concentración convertéronse cada vez máis en sitios onde grupos de inimigos reais ou percibidos da Alemaña nazi foron asasinados abertamente ou forzados a facer traballos duros e sen sentido. Aqueles forzados a traballar eran deliberadamente desnutridos e maltratados coa intención de que fosen "aniquilados polo traballo".

En termos xeográficos, o maior número de vítimas experimentouno Europa oriental. Especial significado adquiriron os 21 millóns de mortos da Unión Soviética (10 % da poboación) ou os 5 millóns de Polonia (o 20 % do total dos seus habitantes). En Asia, China perdeu 13 millóns de persoas, a maior parte como consecuencia da fame e as enfermidades. Pola contra, Estados Unidos, a pesar da súa participación en todos os escenarios de guerra, sufriu aproximadamente unhas 300.000 vítimas, un número significativamente baixo se se compara co doutros contendentes. Igual sucedeu con Canadá e Australia. Iso debeuse fundamentalmente a que os seus territorios nacionais non foron escenario de combates.

Numerosas cidades, como Hiroshima, Nagasaki, Dresde, Stalingrado, Varsovia, Coventry etc., foron arrasadas, o que provocou o desprazamento forzoso de millóns de persoas. A alteración das fronteiras e a política de recolocación planificada polos Estados agravaron a situación. En total calcúlase que uns 40 millóns de persoas houberon de desprazarse forzosamente do seu lugar de residencia anterior á guerra, dando lugar en moitos casos a un cambio radical no mapa étnico de vastas áreas, especialmente de Europa central.

Un claro exemplo deses cambios foi a creación do Estado de Israel (1947), que acolleu a xudeus apátridas procedentes de toda Europa.

Por riba, a natalidade sufriu un notable descenso que repercutiu na diminución xeneralizada da poboación.

Económicas

A guerra foi acompañada do desastre económico. A consecuencia dos combates terrestres e aéreos, Europa quedou devastada. Os masivos bombardeos, executados tanto polas potencias do Eixe (na primeira fase do conflito) como polos Aliados (durante a segunda), agravaron o problema. Cidades, industrias, nós ferroviarios e estradas quedaron seriamente danados.

Millóns de toneladas de barcos foron enviados ao fondo do mar. Calcúlase que Europa perdeu aproximadamente o 50 % do seu potencial industrial.


Outro tanto sucedeu a Xapón. O sector agrícola tamén se viu afectado, perdéronse colleitas enteiras, e a fame, erradicada en Europa desde o século XVIII, apareceu de novo. Na China millóns de persoas pereceron por ese motivo.

A industria bélica fortaleceuse en detrimento da de bens de consumo. O sector servizos resentíuse igualmente. Unha vez concluído o conflito, resultou unha difícil tarefa a reconversión da industria pesada, destinada á produción de equipamento militar, noutra encamiñada a fabricar bens e servizos. Nos Estados Unidos e, sobre todo na URSS, a industria militar seguiu xogando un papel crucial, debido ao feito da "Guerra Fría", situación que non se alteraría ata a década dos 90.

Ao termo do conflito as vellas potencias europeas, Reino Unido, Francia e Alemaña, perderan definitivamente o liderado económico que comezaran xa a cederlles aos Estados Unidos tras a Primeira Gran Guerra.

Por contra, a economía estadounidense saíu reforzada e experimentou un auxe espectacular, especialmente no seu sector industrial, cun crecemento do produto interior bruto en torno ao 10 % anual. O país americano converteuse no maior proveedor de produtos manufacturados aos Aliados, aos que concedera importantes sumas de diñeiro en forma de créditos. En 1945 era acredor da maioría dos Estados e controlaba dous terzos do total das reservas mundiais de ouro. A súa hexemonía como potencia industrial, financeira e agraria impúxose sen discusión, superando a do seu principal opoñente, a URSS.

Territoriais



Políticas

Entre os Estados vencidos, **Alemaña foi o máis prexudicado**. Por segunda vez viu como se malograba a oportunidade de converterse nunha potencia de rango mundial. **Perdeu a soberanía** e o seu territorio foi repartido entre os vencedores.

Xapón, aínda que conservou a súa integridade territorial, quedou ocupado e administrado polos Estados Unidos, representados polo xeneral MacArthur. O seu modelo de goberno autoritario, con importantes reminiscencias feudais, desapareceu para sempre en beneficio dunha democratización política e social.

Entre as potencias vencedoras, Reino Unido houbo de asumir que o seu papel de potencia colonial desaparecera (pronto se iniciaría o proceso descolonizador). En diante os seus intereses quedarían subordinados aos dos Estados Unidos.

Francia, que xogara un papel secundario durante a guerra, tras ser derrotada polos alemáns, recuperou parte do seu protagonismo como potencia.

Dous Estados saíron reforzados do conflito e disputaríanse a hexemonía mundial en anos vindeiros: **Estados Unidos de Norteamérica e a Unión Soviética**. O primeiro, sostén fundamental dos Aliados na loita contra as potencias do Eixe, quedou durante un tempo en situación vantaxosa, fundamentando a súa posición no seu enorme potencial económico e militar. Detivo o monopolio do poder nuclear, ata que, en 1949, a URSS construíu a súa primeira bomba.

Os dous representaban modelos económicos, sociais e ideolóxicos antagónicos: o capitalismo e o comunismo. Desde a fin da guerra os seus intereses serían cada vez máis diverxentes, algo que se puxo de manifesto perigosamente durante a "Guerra Fría".

Ideolóxicas e morais

O desastre humanitario e económico provocado pola guerra causou unha auténtica convulsión no mundo, desencadeando graves contradicións morais.

Moitos valores nos que se asentaba a cultura occidental, as súas esperanzas de progreso social e a suposta superioridade dos seus ideais, quedaron en dúbida. Coa excepción dos Estados Unidos, Occidente non saíra da crise de pesimismo na que se achaba inmerso ata os anos 60.



Un bulldozer británico retira cadáveres de prisioneiros no campo de concentración nazi de Bergen Belsen (Alemaña), unha vez liberado polos aliados en abril de 1945

As matanzas de civís nos bombardeos, como os de Coventry ou Dresde; as execucións en masa, como as do bosque de Katyn en 1940, onde miles de polacos, a maioría oficiais do exército e intelectuais, foron asasinados a sangue frío polos soviéticos; a completa destrución de Hiroshima e Nagasaki, non alcanzaron, con todo, a repercusión do xenocidio exercido polos nazis sobre determinadas minorías étnicas como a xudía ou a xitana.

Os costumes sociais e as relacións persoais sufriron radicais alteracións como consecuencia da guerra.

As formas de comportamento tradicionais cambiaron, pois houbo quen, estando plenamente socializados en tempos de paz, desempeñaron durante a guerra roles extremos, incluíndo o de xenocidas.

As mulleres, que xa iniciaran o seu proceso de emancipación tras a Primeira Guerra Mundial, adquiriron un papel cada vez máis relevante, mesmo en sociedades fortemente tradicionais como a xaponesa. Algo similar sucedeu coas minorías raciais, especialmente, a negra dos Estados Unidos.